



UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

REXISTRO XERAL
SAÍDA

REITORÍA

Colexio de San Xerome
Praza do Obradoiro, s/n.
15782 Santiago de Compostela
Fax 981 588 522 · Tfno. 981 559 919

001570 22.02.2010 14:20

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE FORMACIÓN DE TITORES E ORIENTADORES ACADÉMICOS

Curso Académico 2009-10

A Comisión de Organización Académica e Profesorado acordou que o programa de "Titores e Orientadores Académicos", implantado no curso 2006-07 para Centros concretos, desenvolverase nos vindeiros cursos nos Centros que a Reitoría determine, entre aqueles que o soliciten.

Consonte ao artigo 20 de Lei Orgánica de Universidades, o reitor desenvolve as liñas de actuación aprobadas polos órganos colexiados e executa os seus acordos.

Por todo o anterior, esta Reitoría resolve aprobar a seguinte

CONVOCATORIA

PRIMEIRO.- PRAZAS OFERTADAS

Convócanse prazas **Titores e Orientadores para Alumnos do Primeiro Curso**, consonte a relación que se indica no anexo adxunto:

SEGUNDO.- ACTIVIDADES DO PROGRAMA

O programa do curso consta de dúas actividades a desenvolver en dous anos consecutivos, e poderán recoñecerse ata un máximo de **6 créditos de libre elección**, conforme ao disposto nos apartados seguintes.

1.1. - A primeira actividade consiste no curso denominado "**A Universidade de Santiago de Compostela como Servizo Público**", de contido fundamentalmente teórico, e que terá lugar, preferentemente, entre os meses de marzo e abril. Unha vez finalizado este curso, os alumnos presentarán unha memoria que, xunto cunha entrevista persoal, servirá para seleccionar a aqueles que pasen a realizar as actividades de titoría.

Pola superación deste curso, recoñeceranse **3 créditos de libre**

elección, que figurarán no expediente académico coa denominación **“A Universidade de Santiago de Compostela como Servizo Público”**.

1.2.- Para participar na segunda actividade, cómpre ter superado a primeira parte e que o alumno sexa seleccionado, logo dunha entrevista persoal. Esta actividade consiste na labor de titoría e no coñecemento e participación no programa **“A Ponte entre o Ensino Medio e a USC”**, ao longo do ano seguinte no que realizou o curso de formación teórica contemplado no apartado anterior.

Pola realización desta actividade, que deberá ser avaliada polo profesor coordinador nomeado pola Dirección do Centro, recoñeceranse **3 créditos de libre elección**, que figurarán no expediente académico coa denominación **“Programa de Titores de Alumnos de Primeiro Curso”**.

TERCEIRO.- REQUISITOS

Para poder participar neste programa, os alumnos deberán ter superado, cando mínimo, o 50% dos créditos obrigatorios e troncais e estar matriculado no penúltimo curso.

CUARTO.- SOLICITUDES E PRAZO

As solicitudes, dirixidas ao Decano/a ou Director/a, presentaranse nos decanatos ou direccións dos respectivos centros no prazo do **23 de febreiro ao 1 marzo de 2010**

QUINTO.- SELECCIÓN

4.1.- De resultar máis solicitantes que prazas, estas adxudicaránse:

- a) En primeiro lugar entre os alumnos que lles resten 60 ou menos créditos para rematar e, de resultar prazas vacantes, entre o resto de alumnos que reúnan os requisitos esixidos.
- b) En cada unha das quendas establecidas no apartado anterior, as prazas adxudicaránse en función da media do expediente académico (máximo 4 puntos) e unha entrevista (máximo 1 punto).

4.2.- A Comisión de Selección estará presidida polo Decano/a, o Director/a ou persoa na que delegue, o Coordinador/a nomeado para o Centro e o Coordinador do Programa, Prof. Luis M^a. Hervella Torrón. De ser necesarias as entrevistas, convocarase aos alumnos mediante o correspondente anuncio no

taboleiro de centro.

A non asistencia á entrevista na data fixada suporá a eliminación do alumno do proceso selectivo.

4.3.- Rematado o proceso de selección, a comisión fará pública a relación de alumnos admitidos e non admitidos nos taboleiros de anuncios do centro, así como os criterios empregados e a correspondente lista de agarda. Contra esa relación os interesados poderán presentar reclamacións dentro dos 3 días hábiles seguintes ao da publicación.

4.4.- Rematado o prazo de reclamacións e resoltas as mesmas pola comisión, o coordinador do programa comunicará ao Servizo de Xestión Académica e as Unidades de Xestión Académica correspondente, os alumnos seleccionados, aos efectos de que formalicen a matrícula no número de créditos a recoñecer.

SIXTO.- MATRÍCULA, AVALIACIÓN E EFECTOS ACADÉMICOS DA ACTIVIDADE

5.1.- Os alumnos seleccionados deberán matricularse na Unidade de Xestión Académica nos 10 días seguintes á publicación da Resolución definitiva de seleccionados. De non facelo, decaerá no seu dereito, sendo convocado o seguinte da lista de agarda.


5.2.- A avaliación das actividades realizaraa o profesor titor das mesmas mediante informe motivado.

5.3.- O resultado da avaliación reflectirase na correspondente acta asinada polo Coordinador do Programa de Titorías mediante as cualificacións de APTO ou NON APTO, e serán depositadas nos mesmos lugares que as actas ordinarias das distintas materias.


5.4.- Os alumnos que superen a 1ª actividade e sexan seleccionados para a realización da 2ª actividade, deberán formalizar matrícula na primeira quincena do mes de outubro.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.- A Secretaría Xeral ditará as instrucións necesarias para o desenvolvemento da aprobación da presente Resolución así como para a emisión, sinatura e custodia das actas correspondentes a través do sistema informático.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2010



O REITOR,



Senén Barro Ameneiro

SRA. SECRETARIA XERAL; SRA. VICERREITORA DE CALIDADE E PLANIFICACIÓN, SR. VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR; SRS/SRAS. DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS; SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA; SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA; SRA. XEFA DO SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA, SR/SRA. XEFE/A DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA, SRA. RESPONSABLE DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA

Anexo

CAMPUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

TITULACIÓN	Nº de prazas
LICENCIATURA EN MATEMÁTICAS	5
DIPLOMATURA EN RELACIÓNS LABORAIS	5
LICENCIATURA EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS	5
LICENCIATURA EN BIOLOXÍA	5
LICENCIATURA EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	5
DIPLOMATURA EN EDUCACIÓN SOCIAL	5
DIPLOMATURA EN ENFERMARÍA	5
ENXEÑARÍA TÉCNICA EN INFORMÁTICA DE SISTEMAS	5
LICENCIATURA EN FILOLOXÍA CLÁSICA	5
LICENCIATURA EN FILOSOFÍA	5
LICENCIATURA EN FÍSICA	5
LICENCIATURA EN HISTORIA DA ARTE	5
LICENCIATURA EN HISTORIA	5
LICENCIATURA EN FILOLOXÍA HISPÁNICA	5

LICENCIATURA EN FILOLOXÍA GALEGA	5
LICENCIATURA EN FILOLOXÍA INGLESA	5
LICENCIATURA EN FILOLOXÍA ALEMÁ	5
LICENCIATURA EN FILOLOXÍA FRANCESA	5
LICENCIATURA EN FILOLOXÍA ITALIANA	5
LICENCIATURA EN FILOLOXÍA PORTUGUESA	5
LICENCIATURA EN FILOLOXÍA ROMÁNICA	5
LICENCIATURA EN PEDAGOXÍA	5
LICENCIATURA EN PSICOLOXÍA	5
LICENCIATURA EN QUÍMICA	5
LICENCIATURA EN XEOGRAFÍA	5
LICENCIATURA EN XORNALISMO	5
LICENCIATURA EN DEREITO	5
LICENCIATURA EN FARMACIA	5
LICENCIATURA EN MEDICINA	5
ENXEÑARÍA QUÍMICA	5
DIPLOMATURA EN MESTRE. ESP. EDUCACIÓN INFANTIL	5
DIPLOMATURA EN MESTRE. ESP. EDUCACIÓN PRIMARIA	5
DIPLOMATURA EN MESTRE. ESP. EDUCACIÓN MUSICAL	5
DIPLOMATURA EN MESTRE. ESP. LINGUA ESTRANXEIRA	5
LICENCIATURA EN ODONTOLOXÍA	5
DIPLOMATURA EN ÓPTICA E OPTOMETRÍA	5
DIPLOMATURA EN TRABALLO SOCIAL	5

CAMPUS DE LUGO

DIPLOMATURA EN RELACIÓNS LABORAIS	5
LICENCIATURA EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS	5
DIPLOMATURA EN ENFERMERÍA	5
LICENCIATURA EN FILOLOXÍA HISPÁNICA	5
LICENCIATURA EN HUMANIDADES	5
DIPLOMATURA EN CIENCIAS EMPRESARIAIS	5
ENXEÑARÍA TÉCNICA AGRÍCOLA. ESP. EXPLOTACIÓNS AGROPECUARIAS	5
ENXEÑARÍA TÉCNICA AGRÍCOLA: ESP. HORTOFRUTICULTURA E XARDINARIA	5
ENXEÑARÍA TÉCNICA AGRÍCOLA: ESP. MECANIZACIÓN E	5

CONSTRUCCIÓNS RURAIS	
ENXEÑARÍA TÉCNICA OBRAS PÚBLICAS. ESP. TRANSPORTES E SERVIZOS URBANOS	5
ENXEÑARÍA TÉCNICA AGRÍCOLA: ESP. INDUSTRIAS AGRARIAS E ALIMENTARIAS	5
ENXEÑARÍA TÉCNICA EN TOPOGRAFÍA	5
ENXEÑARÍA TÉCNICA FORESTAL	5
ENXEÑARÍA TÉCNICA INDUSTRIAL, ESPECIALIDADE EN QUÍMICA INDUSTRIAL	5
LICENCIATURA EN CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS ALIMENTOS	5
LICENCIATURA EN VETERINARIA	5
DIPLOMATURA EN MESTRE. ESP. EDUCACIÓN INFANTIL	5
DIPLOMATURA EN MESTRE. ESP. EDUCACIÓN PRIMARIA	5
DIPLOMATURA EN MESTRE. ESP. EDUCACIÓN MUSICAL	5
DIPLOMATURA EN MESTRE. ESP. LINGUA ESTRANXEIRA	5